

MANUAL DE COMO REDUCIR O TAMAÑO DUNHA IMAXE NUN ORDENADOR CON WINDOWS

APLICACIÓN: PAINT


Nota: o texto remarcado cunha cor fai referencia a o punto ou obxecto indicado cunha frecha da mesma cor

Imos ver como modificar o tamaño dunha imaxe (foto, debuxo,...) para poder subila á páxina web do cole, por exemplo.

Cando queremos enviar unha foto feita cunha cámara ou co noso móbil, estas soen “pesar” moito, pois soen ter moita resolución.


Cambiar o tamaño é moi doado coa aplicación de windows, Paint, que ven instalada nos equipos con este sistema operativo por defecto.

Para buscar Paint, empregamos o buscador que aparece na nosa pantalla na parte inferior esquerda, un rectángulo en branco co **icono dunha lupa e que pon Escribe aquí para buscar.**



Teclamos “P” nese recrado e xa nos aparece, entre outros o programa **paint**

Abriremos o programa e buscaremos a imaxe que queremos modificar. Tamén podemos optar previamente por clicar na imaxe, antes de abrir o paint, e co botón dereito darlle a copiar imaxe. Neste caso, de empregar copiar imaxe, empregaremos o **icono de pegar** que tedes na barra de menú do paint.



Para buscar unha imaxe, clicade na parte superior esquerda no **icono do menú (frecha)**







Aparecerá un menú como este, clicar en **abrir** e buscar no navegador a imaxe que queremos modificar.

Unha vez aberta a imaxe, pode pasar que non a vexamos enteira, é normal, pois Paint soe amosar como sería a imaxe a tamaño real.

Si so queremos reducir tamaño, empregaremos a opción **Cambiar tamaño** do menú de paint.

A nova xanela que nos sae, nos dá opción de facelo por Porcentaxe ou por Pixels. Si empregamos **Porcentaxe** escribimos onde por **100** ao lado de Horizontal por exemplo 30 e despois clicamos en aceptar.

Si empregamos **Pixels**, con 500 no lado máis longo é abondo para por na web.



Nesta imaxe, que xa tedes máis arriba, tedes o menú de Paint. Opcións.

- **Seleccionar** (serve para recortar un pedazo da imaxe que vos interese pinchade na parte onde queredes empezar a seleccionar e ide arrastrando co rato, irá aparecendo un cadro punteado. Cando teñades todo o pedazo da imaxe que vos interesa soltade o rato (botón esquerdo). Coa combinación das teclas Ctrl e C ao mesmo tempo copiades ese anaco. Si ides a archivo, Nuevo e lle dades, pediravos gardar ou non a imaxe aberta, descartade con non e abre un cadro branco. Pulsando ao mesmo tempo Ctrl e V aparece o anaco que recortástedes (ou clicando en pegar).
 - **Girar**: permite voltear 90° a imaxe á dereita ou á esquerda as veces que se queira.
 - **Pinceles**: Permite seleccionar como un pincel para pintar na imaxe, con opción de escoller grosor e cor.
 - **Texto**: permite escribir un texto. Teredes que escoller onde poñer o texto (despois poderase mover), tipo de letra, tamaño e cor.
- Explicaremos estas opcións en novos tutoriais